

2023-24

CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL E CONVIVENCIA

CEIP FONTE ESCURA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



DATOS DE CENTRO

Denominación CEIP Fonte Escura

Código 36010125	Enderezo 1ª Travesía de Barreiro	C.P. 36317
Localidade Cabral	Concello Vigo	Provincia Pontevedra
Teléfono 886 120 130	Correo electrónico ceip.fonteescura@edu.xunta.gal	
Páxina web http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfonteescura/		

**Data de presentación e de
aprobación en CLAUSTRO:** 02-04-2024

**Data de aprobación e de
aprobación en CONSELLO
ESCOLAR:** 02-04-2024



INDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. XUSTIFICACIÓN.....	3
3. ANÁLISE DO CONTEXTO.....	3
4. OBXECTIVOS E INDICADORES.....	5
5. PROCEDEMENTOS PARA O SEGUEMENTO.....	6
6. AVALIACIÓN, DIFUSIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN.....	6



1. INTRODUCCIÓN

Segundo a Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros educativos de Galicia, elabórase este Plan de traballo, que se concretará anualmente na programación Xeral anual a través de accións enfocadas ao logro dos obxectivos establecidos que se pretenderán desenvolver no correspondente curso académico 2023-2024, así como a súa temporalización e os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.

2. XUSTIFICACIÓN

Toda a comunidade educativa do CEIP Fonte Escura de Vigo somos conscientes da necesidade de traballar a educación emocional e social, dotando ao alumnado de estratexias para que aprendan a manexar os sentimentos e emocións e podan resolver os conflitos que se lles presentan de forma adaptativa. Ao mesmo tempo é necesario dotar ao profesorado de ferramentas para a detección de dificultades de convivencia na aula e situacións de risco, que precisen unha intervención inmediata nos distintos ámbitos e/ou derivación a profesionais externos: servizos sociais, servizos médicos...etc.

No noso centro contamos cun gran número de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, dentro do cal existe unha gran porcentaxe de alumnado con Necesidades Educativas Especiais. Deste xeito, a educación socio emocional cobra maior relevancia; debendo establecer medidas de detección e protección, que promovan valores de convivencia, negociación, diálogo e respecto polas diferenzas. É necesario tamén promover a participación das familias neste plan, informándoas e asesorándoas no relacionado coa convivencia e o benestar emocional.

3. ANÁLISE DO CONTEXTO

O CEIP Fonte Escura, defínese e caracterízase pola **riqueza dunha gran diversidade**. Esa diversidade é unha das nosas fortalezas; pero fai necesario o apoio constante por parte da administración, para poder asegurar os recursos persoais, organizativos e materiais necesarios, para dar resposta ás necesidades de apoio educativo do noso marabilloso alumnado.



En termos xerais, a nosa contorna caracterízase por:

- Alumnado de procedencia urbana.
- Escaso alumnado inmigrante.
- O centro conta cunha comunidade de etnia xitana con importante presenza dentro do total do alumando.
- Unha inmensa maioría do alumando presenta necesidades específicas de apoio educativo.
- A metade do alumando presenta necesidades educativas especiais.
- Familias cun nivel social e económico medio ou baixo.
- Plantilla de profesorado especialista en Ed. Física, Música, Inglés, Relixión (mestra itinerante), Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Orientación.
- Familias en xeral pouco colaboradoras co centro, aínda que se aprecia unha crecente implicación nos procesos formativo e de ensino-aprendizaxe do seus fillos/as.
- Unha elevada porcentaxe de alumnado con dificultades na adquisición das técnicas instrumentais, carente de estratexias de aprendizaxe, de traballo autónomo e falta de motivación polas tarefas escolares.
- Contar con un centro de educación secundaria próximo no que continúan os seus estudos a maioría dos nosos alumnos/as.

A base para poder convivir toda a comunidade educativa dun xeito pro activo é posuír ferramentas propias en habilidades sociais. Igualmente, cando os momentos de ansiedade, estrés ou conflito dentro da comunidade se produzan, será preciso recorrer a estratexias de resolución non violentas, sendo conscientes de que a propia comunidade que forma o centro educativo, nos protexe, nos coida e nos axuda a camiñar cara adiante.

Non é doado traballar cun alumnado tan diverso -con características tan concretas e únicas- para poder adquirir estratexias persoais de resolución de conflitos, de convivencia respectuosa e de comportamentos pro sociais; polo que este Programa de Benestar Emocional resulta necesario e esencial na nosa comunidade.



4. OBXECTIVOS E INDICADORES

O obxectivo fundamental deste Plan de traballo, no que se desenvolven aspectos fundamentais para a planificación e desenvolvemento dos procesos de ensinanza aprendizaxe, é contribuír a mellorar as competencias socio emocionais do alumnado, xerando un bo clima social e de convivencia, no que se respecten as ideas e sentimentos dos demais, aceptando e valorando a diversidade, como principio básico de inclusión, como así mesmo, a saúde física e mental.

OBXECTIVOS COAS SÚAS ACTUACIÓNS	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES DE LOGRO
Analizar o contexto a través da realización dunha enquisa DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades)	Setembro	Realización dun gráfico cos resultados para a súa valoración.
Facilitar procedementos ao profesorado, a través da explicación ao claustro do procedemento a seguir para comunicar posibles situacións de conflito	Primeiro trimestre	Presentación folla de rexistro de incidencias.
Formación do alumnado de 6º de Primaria, a través do proxecto "Convivindo" da Fundación Amigó	Segundo trimestre	Valoración da actividade e breve memoria.
Promover a implicación da ANPA na convivencia do centro	Segundo e terceiro trimestre	Valoración das actividades e breve memoria.
Promover a alimentación saudable realizando unha proposta de petiscos que permita ao alumnado, ter unha alimentación equilibrada.	Todo o curso	Seguimento por parte do mestre/a, das merendas do alumnado.
Coordinar e facer seguimento da situación de Convivencia escolar nas diferentes reunións dos Equipos, DO, Claustro,...	Todo o curso	Actas das reunións
Concienciar á comunidade educativa da necesidade de prevención de condutas contrarias á convivencia por parte do alumando.	Todo o curso	Valoración da actividade e breve memoria.



5. PROCEDIMENTOS PARA O SEGUIMENTO

Farase un seguimento trimestral do citado Plan nas reunión da CCP, e irase modificando en función das observacións do equipo docente e do alumnado.

6. AVALIACIÓN, DIFUSIÓN E MODIFICACIÓN DO PLAN

Todas as propostas deste Plan terán un enfoque DUA, modelo de ensinanza que ten en conta a diversidade do alumnado e co obxectivo claro de lograr unha inclusión efectiva, minimizando as barreiras físicas, sensoriais, cognitivas e culturais que podan existir na aula, favorecendo a igualdade de oportunidades no acceso a educación.

Este Plan de traballo concretarase anualmente na programación xeral anual, a través das acción enfocadas aos logros dos obxectivos establecidos que se desenvolverán no curso académico 2023-24.

Será elaborado e modificado pola persoa coordinadora, que desenvolverá as súas funcións por un período de dous cursos, segundo se establece na Orde do 23, de agosto de 2023. Ao final de curso farase unha memoria do plan, na que se avaliarán os obxectivos acadados, as dificultades atopadas e se establecerán propostas de mellora para o vindeiro curso.

A COORDINADORA DE BENESTAR E CONVIVENCIA NO CEIP FONTE ESCURA

Asdo. Montserrat Cabezas Gómez